

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Sarria para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Suxestión dirixida ao Concello de Sarria para que valore a posibilidade de elaborar unha ordenanza que regule a ocupación do espazo público do concello de Sarria por empresas privadas.

Expediente: N.9.Q/ 9511/22

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX en relación á inacción do Concello de Sarria ante os ruídos e molestias dun taller mecánico a carón da súa vivenda .

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No escrito de queixa, así como na numerosa información complementaria remitida, a reclamante, esencialmente, expón o seguinte:

Don xxxxxxxx es el dueño de este taller mecánico de reparación de motos, ciclomotores y de quads, que está situado enfrente de mi casa. Pone los vehículos en reparación de su taller mecánico delante de la fachada de mi casa. Usa ese espacio de la vía pública para él como si le correspondiese.

Ese espacio es para aparcar vehículos, no es para poner sus vehículos estropeados para reparar y ahí los tiene desde las 10:00h hasta las 09:30h o 22:00h o 22:15h de lunes a viernes. También los pone en un solar que hay al lado de su taller y ese solar pertenece a la casa que está al otro lado del solar, la casa número 2 de la calle Porvenir. Pero hace tiempo que han fallecido los dueños de esa casa y está deshabitada y este individuo pone ahí los vehículos en reparación. Es un lugar que no le pertenece.

Además hace pruebas con los quads en la calle y el ruido es bastante insoportable.

También negocia con los clientes en la calle a voces en muchas ocasiones y a nadie nos importa de la vecindad los problemas de su negocio y hasta a veces arregla los vehículos en

la calle delante del taller. También deja aparcado su coche delante de mi casa durante meses sin moverlo para que no le quiten espacio.

Con todo este mal ambiente yo desde hace más de tres años tengo los balcones de la fachada de mi casa con las contras cerradas y está la mitad del piso a oscuras y sin ventilarse bien. Además de toda la suciedad que todo ello genera en el ambiente, los gases que emiten a la atmósfera esos vehículos al hacer pruebas, es contaminante y ensucia las fachadas de las Casas.

Usa la calle como si fuese parte de su local de taller.

Todo esto se lo he comunicado al Alcalde de Sarria, reiteradas veces presencialmente, por carta y por teléfono, pero da igual porque no lo soluciona.

Escribo una carta a la Subdelegación de Gobierno de Lugo, para el Secretario General, con fecha de 14-1-2022. Me responde el día 7-2-2022 informándome que es competencia del Alcalde y que remite mi carta al Ayuntamiento de Sarria. Aunque me dio la razón y me dijo que no tenían que estar los vehículos estropeados para arreglar, puestos en el espacio de la vía pública que es para aparcamiento de coches.

Envío una carta desde el Registro del Ayuntamiento de Sarria con fecha del 23-3-2022 desde el Registro se la enviaron al Alcalde, al Oficial de la Policía Local, Al Secretario y Al Concejala de Seguridad.

No obtuve ninguna respuesta ni cambió la situación que yo demandaba.

El día 25-3-2022 pongo una reclamación a la Jefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación de La Xunta de Galicia y el día 10-5-2022 me responden por carta, que las competencias en materia de salud y normas de convivencia ciudadana le corresponden a la Administración Municipal. Con anterioridad había hablado con una persona de la Jefatura Territorial citada quien me dijo que aunque la titularidad de la calle Porvenir sea de la Xunta de Galicia, tiene que hacerse cargo de este asunto el Ayuntamiento de Sarria.

Me reuní también en el Ayuntamiento de Sarria en el mes de abril con la Concejala de Igualdad y fue ella la que me informó de que la Calle Porvenir no pertenece al Ayuntamiento de Sarria, sino a la Xunta de Galicia. Me dijo que podía solicitar que cambiaran el aparcamiento de acera en lugar de aparcar siempre los vehículos en la acera de los números impares, que cambiaran esa norma y solicitar que los aparcasen en la acera de los números pares.

Yo solicité esta petición y también que pusiesen pivotes de seguridad a lo largo de la acera de los números pares para protección y bandas rugosas en la Calle Porvenir para aminorar la velocidad de los vehículos que la transitan, pues es una calle de entrada y salida de Sarria y a veces los vehículos pasan a altas velocidades y hacen muchísimo ruido. Es inaguantable. Y no ha valido para nada todo mi esfuerzo

Envíe reclamaciones a La Xunta de Galicia en general el día 3 1-3-2022, no sabía a qué departamento dirigir mi reclamación y el día 5-4-2022 envié una reclamación a La Conselleria Territorial de La Xunta de Galicia. Me indicó este departamento el Oficial de La Policía Local de Sarria con quien me reuní presencialmente para presentarle videos que había grabado yo en ese momento del mal ambiente que había en la calle delante de casa, el ruido y contaminación que generaba y fotos en dónde se veía un vehículo en reparación que ocupaba una parte de la acera con su carrocería. Pero dijo que él no podía poner multas por lo que veía en una foto yo le contesté que pusiese más vigilancia para que eso no suceda.

Pero todo lo que hago no vale para nada. En todo este tiempo lo único que he conseguido es que aminorasen los ruidos y que la cantidad de vehículos que pone delante de mi casa sea un poco menor si la comparamos con los que ponía hace tres y cuatro años.

También envié reclamaciones a La Policía Municipal, el día 12-5-2022 y al Alcalde el día 12-5-2022 y el día 18-5-2022.

Nunca me respondió.

El día 12-7-2022 recibí una respuesta por carta a una de mis reclamaciones a La Xunta de Galicia de La Consellería de Infraestructuras y Movilidad, del Jefe del Servicio Provincial de AXI, me contesta que por incumplimiento de Ordenanza sobre salubridad, orden público y normas sobre convivencia ciudadana, me informan que le dan traslado a mi denuncia al Concello de Sarria porque las ordenanzas y el control de las posibles infracciones de tráfico que se pudiesen cometer, son competencia de ese Concello.

He pensado que puede ser una buena idea poner delante de mi casa, en el espacio de la vía pública para aparcar vehículos, un lugar de aparcamiento para personas minusválidas. Hay espacio suficiente para ello, lo he medido. Así no volverían a poner los vehículos en reparación del taller y no sería necesario estar pendientes de él por si volvía a infringir las normas.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que nos remitiu:

Certificación de acordo adoptado pola Xunta de Goberno deste Concello en sesión de data 2 de novembro de 2022, na que se fai constar:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 02 de NOVIEMBRE de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“8.- ESCRITO DA VALEDORA DO POBO:

A) EXP. Nº: N.9.Q/9511/22: DNA XXXXXXXXX.-

Dada conta do requirimento efectuado pola VALEDORA DO POBO en relación co expediente que se tramita a instancia de DNA XXXXXX, por mor da queixa formulada en relación a utilización da vía pública por un taller mecánico como zona de aparcadoiro dos vehículos en reparación, máis concretamente rúa Porvir, n.º 6.

VISTO o que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1. Solicitar a Policía Local de Sarria a emisión do correspondente informe.
2. Dar traslado do presente acordo á VALEDORA DO POBO, os efectos oportunos.”

Informe emitido pola Policía Local de Sarria relativo ao expediente referenciado, no que se fai constar o seguinte:

Que en relación a la solicitud de los servicios jurídicos del Ayuntamiento de Sarria para emitir informe en contestación al escrito presentado por la Valedora del Pueblo por quejas de una vecina que manifiesta tener un taller de motos en frente de su domicilio que le causa molestias de ruidos continuos por la reparación de los vehículos en la vía pública, así como la ocupación de los mismos delante de la puerta de su casa para realizar reparaciones en la vía, también solicita dicha vecina la instalación de una plaza para personas con movilidad reducida delante de la puerta de su domicilio para evitar que le estacionen los vehículos del taller de reparación de motos.

Después de realizar varias inspecciones por las patrullas de servicio en el transcurso del tiempo que Dña. XXXXXXX lleva formulando las quejas

especificadas, se comprueba que en la Rúa Porvenir n°XXX existe un taller mecánico de motos, comprobando que en la zona de estacionamiento habilitado se encuentran vehículos como motocicletas, quads y de semejantes características correctamente estacionados sin incurrir en ningún ilícito administrativo.

En cuanto a la solicitud de la creación de una plaza de estacionamiento para personas con movilidad reducida en la Rúa Porvenir n° XXX no se valora su instalación debido a que a escasos metros ya existe una de las características mencionadas.

A este respecto, o propio alcalde de Sarria informa que:

As prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida teñen a funcionalidade de facilitar o aparcamento e a mobilidade do vehículo para as persoas que teñan discapacidade, dependencia ou mobilidade reducida, non a de impedir o estacionamento diante dalgún inmovible en concreto.

Tendo en conta o exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Debemos distinguir:

1º.- A falta de resposta aos escritos presentados pola reclamante.

2º.- A solicitude da reclamante dunha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida como medio para solucionar o problema.

3º.- O problema de fondo plantexado pola reclamante que non é outro que as molestias que ocasiona o taller .

SEGUNDA.- Respecto á falta de resposta, por parte dese concello, á solicitude presentada polo reclamante, cómpre ter en conta o seguinte:

-O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia,

ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Se a persoa interesada utiliza o dereito de petición ante o concello, este ten a obriga de acusar recibo de cada petición que presente comunicándollo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

No caso de que proceda a declaración de inadmisibilidade do pedido, tal decisión será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse ao petionario nos corenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Se o concello considera que o contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de petición, entón a declaración de inadmisión da petición deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba substanciarse. Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 972015).

Destacar tamén que cando o interesado presente un escrito solicitando que se lle facilite unha determinada información municipal que obra nos arquivos ou rexistros do concello, está exercendo o dereito contemplado no artigo 13 d) da xa referida Lei 39/2015, así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 207 e 231 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

- En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas

TERCEIRA.- Respecto á solicitude da reclamante dunha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida como medio para solucionar o problema, da información remitida polo concello, dedúcese que:

- *As prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida teñen a funcionalidade de facilitar o aparcamento e a mobilidade do vehículo para as persoas que teñan discapacidade, dependencia ou mobilidade reducida, non a de impedir o estacionamento diante dalgún inmovible en concreto.*
- *Ademais a Policía Local informa que esta posibilidade non se valora debido a que a escasos metros ya existe una de las características mencionadas.*

CUARTA.- Respecto do problema de fondo plantexado pola reclamante que non é outro que as molestias que ocasiona o taller, cómpre ter en conta o seguinte:

- O feito de compartir un sistema urbano fai que o tecido social e a vida cidadá, vaian incorporando cada vez máis elementos comúns. Hoxe, máis que nunca, a vía pública é un ben escaso sometido a un uso intensivo e por elo a un desgaste considerable; doutro lado, é o elemento colectivo máis evidente e ostensible da sociedade urbana, polo que a administración pública debe exercer unha vixancia intensiva. A harmonía, a calidade e o equilibrio deste espazo común é unha responsabilidade compartida entre a Administración e a cidadanía.
- Podemos dicir que é obriga de tódolos veciños actuar civicamente no uso dos bens e instalacións postos a disposición do público e dos demais elementos que configuran unha cidade.
- É obriga do concello incidir en aqueles ámbitos da realidade cidadá diaria que se manifesta fundamentalmente na vía pública, cuxa repercusión pode xerar unha alteración de aquilo que socialmente se acepta como a convivencia cidadá e que se traduce, tanto na ausencia de molestias de carácter persoal ou colectivo, como na non necesidade de causar danos, suciedade ou mal uso das vías e espazos públicos, dos seus elementos estruturais e do mobiliario urbano, entendendo como mal uso toda actividade contraria á

finalidade normal a que está destinado un ben.

- Tendo en conta o exposto, consideramos dende esta institución que a potestade normativa da Administración Municipal, pode ser utilizada por ese concello a fin de elaborar unha ordenanza municipal sobre a ocupación do espazo público por empresas privadas.

Por todo o exposto e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, é preciso facer chegar a ese concello o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E a seguinte:

SUXESTIÓN

Que dentro do ámbito da autonomía local e en exercicio da súa potestade normativa, valore a posibilidade de elaborar unha ordenanza que regule a ocupación do espazo público do concello de Sarria por empresas privadas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación ou non das mesmas e, de ser o caso, das medidas adoptadas para darlles efectividade.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá

poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)